

O MUSEO MONOGRAFICO DO CASTRO DE VILADONGA

O día 29 de novembro de 1986 inaugurouse oficialmente o Museo Monográfico do Castro de Viladonga, por parte da Directora dos Museos Estatais, se ben o Museo xa levaba algún tempo aberto ó público e xa viña cumprindo as súas funcións conservadora e investigadora desde 1983 en que fora creado polo Ministerio de Cultura.

Ofrécese aquí un breve comentario sobre tan importante xacemento lucense e unha descripción do mesmo Museo.

O XACEMENTO

O Castro de Viladonga (concello de Castro de Rei, Lugo), situado a 24 Km. ó N.E. de Lugo, pola carretera de Asturias, é un xacemento que ocupa toda a croa dun monte, (unhas 4 hectáreas entre as súas murallas mais exteriores), cunha acrópole cadrangular con ángulos redondeados, de 95 x 100 m. nos seus eixos.

A súa monumentalidade chamou sempre a atención e o xacemento constitúe un verdadeiro arquetipo formal de castro, coas súas murallas, foxos, acrópole e antecastros. Isto mesmo, así como os achados producidos (entre eles un torques de ouro aparecido casualmente en 1911 e hoxe na colección Gil Varela depositada no Museo Provincial de Lugo), induciu a que desde 1972 a 1978 se realizasen en Viladonga excavacións e traballos arqueolóxicos dirixidos por Manuel Chamoso Lamas, poñendo ó descuberto varias estruturas habitacionais na croa así como defensivas ou doutro tipo. Desde 1981, os traballos continuáronse, limpando, consolidando e seguindo as excavacións no Castro baixo a dirección de Felipe Arias Vilas.

Entre os achados producidos, pódese destacar: outro torques de ouro similar ó aparecido en 1911, dous taboleiros de xogo ou "tabula latrunculata" de pizarra, coas súas fichas ou "calculi", contas de colar, un anel de ouro e outros de bronce e acibeche, dous áureos de Arcadio (entre numerosos antoninianos, "semis" e "folles" dos séculos III e IV), así como gran cantidade de apliques, broches, fibulas e febillas, compases e balanzas, pasarrendas de cabalo, armas e ferramentas de bronce e de ferro (algunhas únicas na súa tipoloxía), vidrios, pedras de muiño, e por suposto a gran abundancia de cerámica de tradición castrexa e sobre todo común romana e "terra sigillata" (sudgálica, hispánica e tardía), así como innumerables tégulas e ímbrices, e outros elementos constructivos.

Estes materiais, así como as estruturas defensivas e de habitación, que son de moi diversas formas, disposicións e tamaños, evidencian un asentamento continuado, importante sobre todo en época tardorromana (s. III - V d.C.), e fan deste Castro un sitio clave para estudar, entender e coñece-lo desenvolvemento e a evolución da cultura dos castros en época galaico-romana.

BIBLIOGRAFIA

- M. CHAMOSO LAMAS, "Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados", *Actas del coloquio sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo 1977, p. 41-46.
- F. S. LOPEZ GOMEZ, "O folklóre do Castro de Viladonga e da súa bisbarra", *Actas del XV Congreso Arqueolóxico Nacional* (Lugo 1977), Zaragoza 1979, p. 623-630.
- F. ARIAS VILAS, *Castro de Viladonga*, (folleto Min. de Cultura), Lugo 1979.
- IDEM, "Novos materiais arqueolóxicos do Castro de Viladonga no Museo de Lugo", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, I, 1983, p. 203-208.
- J. M. CAAMAÑO GESTO y J. R. LOPEZ RODRIGUEZ, "Sigillatas del Castro de Viladonga, I", *Gallaecia*, 7-8, 1984, p. 158-178.
- F. ARIAS VILAS, *Castro de Viladonga. Campaña 1983* (Arqueoloxía. Memorias 2), Santiago de Compostela, 1985.

O MUSEO

O edificio do Museo empezouse a construír en 1976, a instancias de Ramón Falcón e de Manuel Chamoso, que daquela eran respectivamente Subdirector xeral de Belas Artes e Director das excavacións. O proxecto era do arquitecto Carlos Fernández-Gago e os fondos ecoómicos procedían do entón Ministerio de Educación e Ciencia (logo Cultura), cunha axuda da Fundación Barrié de la Maza. Ate 1979 non remataron as obras de construción e de acondicionamento do entorno do edificio.

Está situado ó pé da última muralla do lado Este do Castro, integrado na paisaxe e no entorno arqueolóxico, ó ser de planta baixa, coberto con lousa do país e revestimento externo de sillarexo de pizarra. A superficie total é de 383,29 metros cadrados, dos que 32,45 corresponden ó porche e case 200 ás salas de exposición ó público, estando o resto, uns 150 metros cadrados, destinados a outros servizos e dependencias do Museo.

A plasmación xurídico-administrativa do Museo fíxose por O. M. do Ministerio de Cultura de 10 de maio de 1983 (B. O. E. de 29 de xuño), como dependente do entón Patronato Nacional de Museos, hoxe Dirección de los Museos Estatales, dirixido por un técnico do Corpo Facultativo de Conservadores de Museos.

Desde entón, e en sucesivas etapas, procedeuse a redactar e executa-lo proxecto de acondicionamento final do edificio, así como o de instalación e montaxe do Museo propiamente dito. Este proxecto contempla as funcións museísticas de carácter xeral que un Centro desta clase ten que cumprir, (conservadora, científica e didáctica), e ademais o Museo de Viladonga debía server de primeiro taller de limpeza e consolidación, así como de clasificación e estudo básico de materiais, ó pé do propio xacemento, incluíndo, como Centro de investigación, a realización de excavacións e prospeccións no Castro e en todo o seu entorno arqueolóxico e histórico.

Dentro do Museo do Castro de Viladonga contéplase os seguintes aspectos: o amplo vestíbulo ou Sala I contén unha Introducción ó tema do Museo, cunha visión global sobre a cultura castrexa do Noroeste, en especial coa súa seriación cronolóxica e as súas características en época prerromana e galaico-romana, todo exposto por medio de catro paneis de mapas, planos, fotografías e textos que ilustran o marco xeográfico, a caracterización dos xacementos, a secuencia e tipoloxía dos materiais e outros aspectos da vida nos castros galegos.

Tamén nesta Sala I se encontra un resumo das campañas de excavación realizadas ate agora no Castro de Viladonga.

A Sala II, dedicada a expoñer e explicar tódolos aspectos relacionados co Hábitat do Castro, contén información sobre a disposición e os tipos de defensas, organización do poboado, tipos de vivendas e outras construcións, exemplos de materiais constructivos como goznes, quiceiras, tégulas, pesas de colmo, etc., ademais de varios muiños planos e circulares. Todo isto contense en tres paneis, unha maqueta volumétrica e dúas vitrinas. Estas, nos seus diversos tamaños, foron deseñadas polo equipo redactor do proxecto e realizadas por Riobe, S. A., e nelas procurouse auna-la diafanidade, luminiscencia, seguridade, estanqueidade e comodidade para a visión, para o traslado e para a conservación dos obxectos.

A Sala III, a de maior amplitude, dedícase ós elementos da vida común e material no Castro de Viladonga e, por extensión, no mundo castrexo galaico-romano: materiais domésticos como cerámica dos mais diversos tipos, muiños, armas, ferramentas, adornos e apliques de cabalerías e persoas, vidrios, moedas, xogos e amuletos, e outros obxectos, todo exposto en nove vitrinas, unha delas, exenta, destinada ás pezas mais singulares e/ou valiosas. Nos fondos das vitrinas e nun panel van debuxos e esquemas coa reconstrucción funcional e, no posible, íntegram dos obxectos expostos que así o requiran para o seu bon entendemento; tendo en conta que un dos fins primordiais do Museo é facilita-la comprensión global, por parte de todo tipo de público, do Castro como elemento definidor dunha época histórica determinada.

O final da parte destinada ó público, atópase unha Sala dedicada á proxección de audiovisuais e vídeos, así como para actos e conferencias sobre temas conexos co Museo.


Ademais, o Museo conta con outros servicios: despacho, sala de traballo e biblioteca especializada, un espacio para lavadeiro e restauración, servicios e almaceniños de úteis e ferramentas. Asimesmo, conta con cunha dependencia habilitada para taller de debuxo e siglado de materiais, e un gran almacén de fondos con sistema de armarios Compactus e outro mobiliario auxiliar.

Este novo Museo do Castro de Viladonga, xurdido para contemplar e intensifica-la función social, cultural e educativa do propio xacemento, exhibe os seus fondos de xeito que a comprensión de aquel sexa mais completa e global, e ó propio tempo, serve de sé e cetro de investigacións arqueolóxicas sobre a cultura castrexa e o mundo galaico-romano.


FELIPE ARIAS VILAS




Vista aérea do xacemento e o seu Museo



Fachada principal do Museo



Sala II: O hábitat



Sala III: A cultura material